



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural).

VOCAIS

D. Xabier Munaiz Alonso
(Avogado polo Colexio da provincia)

**VOCAIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE ALBA, CONCELLO DE
PONTEVEDRA**

Dna. M^a del Rosario Iglesias Pérez
D. José Barragáns Iglesias

SECRETARIO

D. José M^a Muiños Mayoral

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vintedous de febreiro do 2006, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 4^a planta do edificio sito no n^o 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes “Sequeiros e Reiriz” solicitados pola CMVMC de Alba, do concello de Pontevedra

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 22/11/01, Dna. M^a del Rosario Iglesias Pérez, na súa condición de presidenta da CMVMC de Alba, do concello de Pontevedra, e en representación da mesma, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación dos montes denominados “Sequeiros e Reiriz” como veciñal en man común para os veciños da parroquia de Alba, acompañando informe técnico e pericial, diversa documentación describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.

SEGUNDO.- Con data 16/04/02 é remitido polo servizo de Montes e Industrias Forestais informe previo á incoación.

TERCEIRO.- Na reunión celebrada polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común o día 9 de maio do 2002, acordouse á vista do informe elaborado polo Servizo de Montes e I.F. incoar o expediente, e nomear instructor do mesmo a D. Luis M^a Muiños Vidueira.



CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 20 do Decreto 260/1992 solicítase informe preceptivo do servizo de Montes e Industrias Forestais que é remitido ó Xurado con data 18 de febreiro do 2003.

QUINTO.- Á vista da documentación aportada polo solicitante e o informe do servizo de M.I.F. o monte obxecto do presente expediente, obedece á seguinte descrición:

CONCELLO: PONTEVEDRA

PARROQUIA: ALBA

NOME DO MONTE: "Reiriz"

Cabida: 3,26 Has.

Lindes:

Norte: Fincas particulares de Digna Gómez Muíños e Albino Tilve Piñeiro

Sur: Parroquia de Cerponzóns e fincas particulares de Manuel Barragáns Castro, Constantino Gómez Muíños, Dorinda Moldes Gómez, Peregrina García Güimil e Juaná Falcón Moldes

Leste: Camiño e monte comunal da parroquia de Cerponzóns

Oeste: Vía férrea

NOME DO MONTE: "Sequeiros"

Cabida: 18,8526 Has.

Lindes:

Norte: Concello de Barro

Sur: Camiño de monte Sequeiros a estrada e fincas particulares de José Hermida Barral, Vicente Chan Castro, Rosa García Fernández, Josefina Tilve Corbacho, Peregrina Gómez Muíños, Manuel Corbacho Muíños, Sabino Pintos Iglesias, Celia Fernández Barral, José Tilve Fernández, Casilda Corbacho Tilve, Marina Viqueira Somoza, Vicente Chan Castro, Digna Chan Castro, Francisco Castro Chan, Basilisa Castro Chan, Clara Corbacho Silva, Rosa Fernández Castro, Manuel Díaz e Filomena Outeda Muíños

Leste: Camiño de monte Sequeiros a estrada e fincas particulares de José Rey Lorenzo, Modesto Tejedo Tilve, Ramón Fernández Tilve, Agustín Landín Hermida, Manuel Tilve Piñeiro, Ramón Outeda Couselo, Obdulia García Tilve, Albino Tilve Piñeiro, Hermelinda Souto Landín, Emilio Tilve Piñeiro, Delfina Osorio Carballo, Amelia Abal Moldes, Ramón Castro Chan, Herminia Tilve Corbacho, Concepción Losada Varela, Víctor Viqueira Beloso, Sabino Cancela Moldes, Vicente Chan Castro, Aurelia Tilve Corbacho, Filomena Outeda Muíños, Manuel Corbacho Muíños, Josefa Osorio Chan, Eulalia Fernández Chan, Eudósio Cancela Nieto, Delfina Corredoira, Ramona Abal Maquieira e Teresa C. Moldes Moldes

Oeste: Monte comunal xa clasificado da CMVMC de Alba e fincas particulares de Esperanza Corbacho Muíños, Serafín Tilve Piñeiro, Emilio Tilve Piñeiro, Clara Corbacho Silva, Filomena Outeda Muíños, Ramiro Fernández Moldes, José Cancela Nieto, Joaquín Morgade Corredoira, Josefa Souto García, Cándido Fernández García, Casimiro López Tilve, Rogelio Fernández Castro, José Fernández Castro, Aurea Souto Güimil, Dolores Souto Landín, Edelmiro Souto



Landín, Manuel Tilve Piñeiro, Severina Landín Carballo, Sabino Cancela Moldes, Clara Corbacho Silva, Juana Güimil Fernández, Víctor Viqueira Beloso, Justo Calvo Nieto, Adelaida Souto Landín, Peregrina Tilve Fernández, Ramón Eirón Ruibal, Digna Chan Castro, Vicente Chan Castro, Manuel Moldes Nieto, Francisco Castro Chan e Rosa Riveiro Caramés

Encravados:

Dentro deste monte atópanse encravados cos seguintes propietarios: Antonio Nieto Outeda, Eufrasia Fernández Tilve, Digna Chan Castro, Bernabé Prado Moldes, Jesús Souto Landín, Daniel Castro Chan, Juan Fernández Castro, Laureano Fernández Barral, David Pombo Landín, Ramona Abal Maquieira, Carmen Fernández Chan, Ramón Outeda Couselo, Obdulia García Tilve, Filomena Outeda Muiños, José Pombo Landín, Isaura Fernández Barral, Evaristo Landín Hermida, José Pombo Landín, Faustino Salgueiro Hermida, Eudisia Cancela Nieto, Rosa Fernández Castro, Manuel Moldes Nieto, Ramón Eirón Ruibal, Gaspar Fernández Tilve e Benitto Castro Chan

Servidumes e ocupacións:

Tres torretas de comunicacións e unha liña de baixa tensión. Unha vivenda, dous campos de fútbol e a empresa "A Devesa" adicada á cría de aves rapaces

SEXTO.- O Rexistrador da Propiedade de Pontevedra certifica con data 15 de novembro do 2004, que o monte solicitado non aparece inscrito a favor de persoa algunha, aínda que aparece un monte denominado "Sequeiros" que aparece inscrito a nome do concello de Pontevedra.

SETIMO.- Feita-las comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, o concello de Pontevedra, presenta alegacións no senso de:

- Se teñan en conta a existencia de fincas municipais dentro dos montes solicitados

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común "*... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños*".



XUNTA DE GALICIA

XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN
DE MONTES VECIÑAIS

BENITO CORBAL, 47 - 5.º
TELÉF.: 986 805 335 -
36071 - PONTEVEDRA

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- O Xurado de Montes, en reunión celebrada en data 11/12/81, acordou a clasificación do monte "Castrove", contiguo ós solicitados no presente expediente, por quedar acreditado o seu aproveitamento por parte dos veciños da parroquia de Alba.

Os montes "Sequeiros e Reiriz", pódese considerar que forman parte desa unidade xeográfica xa clasificada, debido a súa proximidade no espazo.

O uso en man común dos montes solicitados, tense acreditado, sin que se formulara oposición á clasificación de ditos montes, a pesares dos numerosísimos colindantes obrantes no expediente.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR como veciñal en man común os montes "Sequeiros e Reiriz", a favor dos veciños da CMVMC de Alba, do concello de Pontevedra, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito quinto e a planimetría elaborada ó efecto polo servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Rosario Gallego




Jose Barragán

Ami

[Signature]

[Signature]



Nº DA FOLLA :
185-15-16

C.M.V.M.C. DE ALBA (PONTEVEDRA)
MONTES "SEQUEIROS E REIRIZ"
SUP. SEQUEIROS = 18,85 has.
SUP. REIRIZ = 3,26 has.

DATA : MARZO-2.006
ESCALA : 1/5.000
AUTOR : TOPOGRAFIA

TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACIÓN
CONCELLO : PONTEVEDRA PARROQUIA : ALBA
COMUNIDADE : ALBA
MONTE : SEQUEIROS E REIRIZ

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 16 de maio de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución aprobatoria do deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común de Portela (Barro) e Alba (Pontevedra) (expediente DC22052).

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra resolveu na súa reunión do 26.3.2025 aprobar o deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) de Portela (Barro) e Alba (Pontevedra), en base aos seguintes feitos e consideracións técnicas.

Antecedentes e consideracións técnicas:

Primeiro. O 28.9.2022 o presidente da CMVMC de Alba presenta solicitude de deslindamento entre a CMVMC de Alba (Pontevedra) e a CMVMC de Portela (Barro). Os montes veciñais en man común (en diante, MVMC) afectados por este deslindamento son:

- MVMC de Sequeiros e Reiriz (ID: 2977) da CMVMC de Alba.
- MVMC de Portela (ID: 2455) da CMVMC de Portela.

Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento conforme o artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (LMG):

- Acta do apeo do deslindamento do 22.9.2022.
- Acta de conciliación núm. 5/2022 entre as comunidades no Xulgado de Paz do Concello de Barro do 4.4.2023.
- Certificado do 16.4.2024 do secretario da CMVMC de Alba coa conformidade do presidente da aprobación en Asemblea Xeral do 30.10.2022.



• Certificado do 16.4.2024 da secretaria da CMVMC de Portela coa conformidade do presidente da aprobación en Asemblea Xeral do 18.12.2022.

Memoria descritiva co plano de deslindamento e cartografía en formato dixital no Datum ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829. Asinado o 29.6.2023 pola enxeñeira técnica forestal colexiada núm. 1119 do COETF de Galicia.

Informes de validación gráfica catastral con CSV: HDSQQDV4ZNSYJ5SK e CSV: FYCZGGBYFBD58J4M.

Terceiro. A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 483 metros, e está composta polos seguintes puntos:

Punto 01: x: 528.575,72; y: 4.704.859,08.

Punto 02: x: 528.279,87; y: 4.704.798,71.

Punto 03: x: 528.100,74; y: 4.704.826,47.

Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos MVMC detéctase que existe colindancia entre ambos e considérase que non afecta a terceiros propietarios.

A liña do deslindamento non é coincidente coa liña de concellos do Instituto Xeográfico Nacional entre os concellos de Barro e Pontevedra.

A liña do deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación polo que ambas comunidades realizan un axuste para que o deslindamento sexa coincidente no punto inicial e final coa planimetría existente.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da LMG, polo que propón a aprobación polo Xurado do deslindamento segundo a liña presentada.

Cuarto. O artigo 53 da LMG establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.



Á vista do exposto, este xurado

RESOLVE:

Aprobar o deslindamento parcial entre a CMVMC de Portela (Barro) e CMVMC de Alba (Pontevedra), nos termos antes indicados.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de MVMC de Pontevedra no prazo dun mes de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 LPAC; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses de acordo cos artigos 8 e 46 da LXCA.

Pontevedra, 16 de maio de 2025

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: n2cvoxn5-ftg8-bvi1-fad8-ejovhk8ewpc6





Punto	X	Y
01	528575,72	4704859,08
02	528279,87	4704798,71
03	528100,74	4704826,47

CMVMC DE PORTELA

Municipio

CMVMC DE ALBA

DC22052 CMVMC DE PORTELA--CMVMC DE ALBA

Puntos do deslindamento

Liña do deslindamento

Concellos_IGN_Liña



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

Deslindamento entre a CMVMC de Portela (Barro) e a CMVMC de Alba (Pontevedra)

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829

NOVEMBRO
Escala 1:2.000
-2024